



ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA
Apdo.:414, 36080 Pontevedra
apdr@apdr.info

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO

ASUNTO: ACHEGAS O DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO E O BORRADOR DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA O ASENTAMENTO INDUSTRIAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA)

PERSOA DE CONTACTO:

JOSÉ BENITO ANDRADE GONZÁLEZ
benitoandradeg@gmail.com
Tf.: +34636281252

Don José Benito Andrade González, co DNI. 35256847D e enderezo a efectos de notificación no Apdo. 414, CP 36080 de Pontevedra, e teléfono de contacto +34636281252, como membro da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) e en representación da devandita asociación, desexa presentar diante da Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o seguinte escrito de achegas.

Con data 28 de marzo de 2018, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, convocou a un trámite de consulta pública o documento inicial estratéxico e o borrador da *Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)*, segundo asegura esta administración “con carácter previo á emisión do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico”

Sorprende dende un principio que se pretenda utilizar un Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal aprobado por Acordo da Xunta de Galicia o 26 de decembro de 2003, fai máis de 13 anos, co único obxecto de facilitar á empresa ENCE a construción dunha fábrica de papel tisú permitíndolle a exención da necesidade de obtención de licencia e outros actos de control preventivo municipal para, de novo, asegurar a exención do cumprimento da norma, permitindo unha actividade con grave e negativo impacto ambiental, urbanístico, social e económico. Non tendo sido construída a citada fábrica de tisú, non procede manter ese instrumento que favorece o incumprimento das decisións da autoridade municipal. Pasados eses 12 anos sen

que se cumpriran os obxectivos para os que foi aprobado procede a anulación do Plan a non ser que se pretenda utilizar como “comodín” para facilitar á empresa ENCE a realización de actividades de diversa índole sen ter que someterse á norma e aos actos de control preventivo municipal.

Debe deixarse claro xa que logo que a tramitación que se pretende iniciar con este borrador resulta a todas luces aberrante xa que implica a utilización mal intencionada dunha normativa, exclusivamente para garantir á empresa ENCE o incumprimento da normativa municipal do Concello de Pontevedra.

En consonancia co carácter aberrante da tramitación, a empresa para quen se pretende renovar o Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal, ENCE, pretende no borrador “suavizar” a construción dunha macrocentral de biomasa de 40 MW, que supón un cambio nas condicións para as que se lle concedeu a ocupación de dominio público marítimo terrestre. A empresa, que adquiriu no momento de prorrogárselle a concesión de ocupación de dominio público marítimo terrestre 8 compromisos avalados pola administración e asumidos pola mesma, incumpridos practicamente na súa totalidade, engadiu pola súa conta dous obxectivos máis “non avalados”. Un de mellora de eficiencia da coxeneración con biomasa, que pretende ocultar unha industria de produción de electricidade a partir de materiais forestais e, outro, de mellora de eficiencia da turbina de contrapresión que oculta un aumento da capacidade de produción de pasta.

A Xunta de Galicia, tras estudar a consulta de ENCE sobre a vixencia e alcance do vello PSIS, que tiña sido concedido no ano 2003 co obxecto de que a empresa construíra unha planta de fabricación de papel tisú advírtea de que hai tres elementos dos plans de ENCE que non se axustan ao contido do Plan, e que de forma enganosa se describe como:

“aumento de la eficiencia en el combustible” (en realidade pretende construírse unha planta de deshidratación de biomasa)

“instalación de gas natural para fornos” (forma de ocultar a construción dunha planta de regasificación de gas natural licuado, instalación que implica un serio risco de danos á poboación en caso de accidente ou explosión)

“mellora de eficiencia de coxeneración con biomasa” (que significa en realidade a construción dunha mega planta de produción de enerxía eléctrica de 40 MW)

Descríndoo de modo sintético, ENCE pretende, si se aproba a modificación do PSIS que solicita, construír unha planta de deshidratación de biomasa que con seguridade terá un grande volume e provocará un grave impacto ao tratar unha cantidade apreciable de madeira con calor para a súa deshidratación. Tal e como asegura a empresa consumiranse entornó ás 500.000 toneladas de materiais forestais ao ano, máis de 1000 toneladas diarias, o que fará precisa unha instalación de grande volume e forte ritmo de actividade. Tamén se debe ter en conta o impacto consecuencia do transporte deste gran volume de biomasa que tal e como asegura a propia empresa procederá “de todos os bosques de Galicia”

Pretende por outra banda a construción dunha planta regasificadora de gas natural licuado de 240 metros cúbicos; a acumulación de grandes cantidades deste combustible, tanto licuado como en estado gasoso implica un elevado risco de explosión e incendio de grandes magnitudes. Este tipo de instalacións non poden situarse en zonas cunha alta densidade de poboación como a que vive no entorno das marismas de Lourizán, habitadas por máis de 100.000 persoas que quedan sometidas a este risco, máxime cando non é necesario que esta instalación estea próxima á factoría. Débese ter en conta tamén o risco que implica o transporte de grandes volumes de gas natural licuado en cisternas por carreteira.

A terceira instalación que ENCE pretende realizar, a máis impactante, constitúe unha nova factoría dedicada a produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa que multiplicará o impacto visual, a contaminación e a degradación que provoca o complexo na zona. Tal e como se pode observar nos “garabatos” que figuran no apartado de “Criterios de integración paisaxística”, a previsión de volume da instalación a construír resulta brutal comparada coa fábrica de pasta preexistente, isto aínda tendo en conta que eses toscos debuxos intentan enganar sobre as verdadeiras dimensións das novas instalacións tal e como se comproba pola comparación do tamaño das chemineas, as novas “representanse” do mesmo tamaño que as antigas cando preténdense construír estruturas de 70 metros de altura.

Resulta fundamental destacar a falta de adaptación das modificacións e actuacións que pretende ENCE co marco legal galego. Neste sentido, debemos ter presentes as **Directrices de Ordenación do Territorio**, aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro e que son o instrumento de carácter global que define o modelo territorial de Galiza e orienta as actuacións sectoriais proporcionando criterios territoriais e ambientais. Concretamente as DOT indican que **“o modelo territorial de Galicia toma como referencias fundamentais as establecidas na política territorial da Unión Europea e na Lei de ordenación del territorio de Galicia e pódense sintetizar nos seguintes puntos: a. O desenvolvemento económico equilibrado e sostible, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvoltas. b. A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de modo que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades. c. A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente”**

Estas DOT, no que atinxe ao complexo contaminante ENCE-ELNOSA, determinan especificamente entre outras cousas que:

"Requírese unha ordenación dos usos, trasladando cara a outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar e que na actualidade significan un elevado custo de oportunidades. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosa que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa ría".

"Neste contorno evitárase, na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturas xeradores de impacto ou que

non teñan necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade"

Resulta xa que logo evidente que as modificacións do PSIS que propón ENCE e as actuacións que pretende realizar son diametralmente opostas ás esixencias da lexislación. En efecto, si o que establece a lei obriga ao **“trasladando cara a outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar e que na actualidade significan un elevado custo de oportunidades”**, non se pode pretender construír unha planta de biomasa que implicará un forte impacto visual e ambiental, non se debe esquecer que estas plantas producen una importante contaminación no que se refire sobre todo a compostos oxidados nitroxenados e micropartículas sólidas en suspensión, dous contaminantes con forte impacto sobre a saúde. Si se trata de evitar **“na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturas xeradores de impacto ou que non teñan necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade”** non se pode permitir a construción dunha planta industrial que segundo se asegura no propio borrador levantará una cheminea e instalación de evacuación de gases de 70 metros de altura. A modificación do PSIS, abriría a ENCE o camiño a, en oposición aos principios e preceptos das DOT, o incremento da actividade industrial nos terreos de dominio público de Lourizán coa construción dunha nova planta de grandes dimensións dedicada á produción de enerxía eléctrica, dunha planta regasificadora de gas licuado e dunha planta de deshidratación de material forestal que incrementarían de forma severa o impacto ambiental, degradarán aínda máis a paisaxe da zona, aumentando a presenza de contaminantes atmosféricos e xerando un risco novo ao acumular grandes cantidades de gas natural licuado e gasoso.

No relativo á xestión e ordenación concreta do litoral en Galicia, o fundamento legal quedou establecido no DECRETO 20/2011 de 10 febreiro, polo que se aproba definitivamente o **Plan de Ordenación do Litoral (POL)** de Galicia que se publicou no DOG do 23 de febreiro de 2011. **“Este plan constitúe un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto, de conformidade co artigo 2 de la Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación del territorio e do litoral de Galicia, establecer os criterios, principios e normas xerais para a Ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostenibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras”** reza o POL que establece que **“Basicamente os obxectivos del POL son dous: a. Establecer un marco de referencia para la Ordenación urbanística de la zona litoral mediante un conxunto de criterios, principios e normas xerais. b. Aprobar a normativa de conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras”**

A modificación do PSIS, e a realización das obras que pretende a empresa, supón neste sentido camiñar en sentido contrario ao establecido no Plan de Ordenación do Litoral na medida en que no complexo prexudicará sen ningunha dúbida á conservación, ao ocupar unha destacable superficie, oponse á protección dos valores naturais e á saúde e o benestar humano ao producir as instalacións que se pretenden construír un forte impacto negativo en forma de destrución da paisaxe, contaminación e risco impedindo a posta en valor desta zona costeira.

Tampouco resulta acorde co contido do POL a integración paisaxística que se describe no borrador e que non respecta en absoluto as esixencias da norma que establece que **“os criterios para conseguir unha boa integración paisaxística consisten en a. Realizar unha análise sistemática do lugar (morfoloxía, estruturas, tipoloxías, etc.) que garanta a comprensión do –carácter de lugar- Enténdese por lugar non so a parcela onde se vai implantar o proxecto senón o ámbito territorial que lle é propio”** Nada teñen que ver estes criterios cos criterios de integración que se conteñen no borrador presentado pola empresa para solicitar a modificación do PSIS. Neste caso detállase máis ben unha operación de camuflaxe moi lonxe dunha verdadeira integración que non se conseguiría.

Xa que logo, dentro do período de consulta pública ao documento inicial estratéxico e o borrador da *Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)*, procede **solicitar a paralización da tramitación da mesma emitindo un documento de alcance do estudo ambiental estratéxico negativo** en base a que:

A modificación dun PSIS non pode ser, tal e como asegura a empresa, vía para legalizar o incremento da “altura máxima e número de plantas” para construír hasta os 70 metros de altura que tal e como reconece ENCE é o obxectivo da modificación.

Na realidade preténdese, tal e como se describe no borrador sometido a consulta, a construción dunha instalación industrial de produción de enerxía a partir de materiais forestais. O feito de que se oculten as verdadeiras dimensións permite asegurar que o impacto que producirían sería grande magnitude.

As plantas de produción de enerxía a partir de biomasa amosan na realidade provocar unha forte contaminación atmosférica, con emisións significativas de máis de 60 gases diferentes entre os que destacan os óxidos de nitróxeno e as partículas en suspensión. A modificación do PSIS levaría a un aumento importante da presenza de contaminantes con impacto na saúde dos habitantes da zona.

Non procede a creación dunha nova industria contaminante no terreo de dominio público que ocupa a empresa ENCE enclavado nun entorno urbano poboado por máis de 100000 habitantes. Suporía o incumprimento do establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

A construción da planta de biomasa que pretende a empresa non é compatible coas condicións da concesión que se outorgou orixinariamente para a construción dunha fábrica de polpa de papel.

Preténdese construír unha planta regasificadora de 240 metros cúbicos na que se instalarían depósitos de hasta 20 metros de altura. Estas instalacións, que implican o transporte, almacenaxe e manipulación de grandes cantidades de substancias altamente combustibles implican un severo incremento do risco nas instalacións

industriais existentes e no entorno. Si se considera a magnitude previsible dunha combustión accidental ou explosión nunha área densamente poboada, o risco debe considerarse severo dada a súa perigosidade, a vulnerabilidade dunha poboación que non pode adoptar medidas preventivas e o elevado número de persoas expostas.

O borrador, no apartado 3.6 de afeccións sectoriais, indica que non afectará ás carreiras circundantes, algo que se amosa evidentemente falso. Parece claro que o tránsito dunha grande cantidade de materiais vexetais destinados á súa queima na nova planta de biomasa (entorno ás 500.000 toneladas ao ano) e de gas natural licuado para alimentar a planta regasificadora que se pretende construír, producirá unha alteración moi significativa no tráfico nunha zona que non está preparada para soportar o movemento deses volumes e incrementará o risco de accidente con consecuencias graves para a poboación.

Pontevedra, 29 de maio de 2018

Asdo.: José Benito Andrade González